

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013588	CPI do Toural	Vilaboa	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no CPI do Toural, en Vilaboa (Pontevedra).

Este centro ten varias particularidades:

- É un centro integrado onde o alumnado pode ter unha continuidade académica dende E Infantil ata 4º curso de ESO.
- Está situado nunha contorna natural e rural xunto a ría de Vigo e moi próximo ás salinas de Ulló.
- En Vilaboa hai unha inmigración de orixe magrebí (levando algunhas persoas máis de 20 anos no noso vecindario) que repercute en alumnado deste perfil e que debe ter tido en conta para as propostas.

Por outra banda, o nivel económico das familias do centro é medio, e medio-baixo, dependendo de sector agrícola, sector servizos, actividades profesionais non universitarias así como do sector do motor.

O grupo seleccionado de 3º ESO, está composto por 14 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 16 anos, repartidos en dous grupos: A: 9 persoas; B: 5.

Do conxunto de alumnado só un é repetidor de 3º e outra de curso anterior. Non hai ACNEAE pero si algúns estudandos con baixo rendemento, o que se manifesta no tipo de tarefas habituais nunha materia baseada en proxectos, como é a nosa.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico, tratándose polo tanto na aula conceptos como:

- diferenciación cultural,
- ecoloxía,
- tecnoloxía,
- contorna.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O RIAD: Un achegamento á nosa diversidade.	A UD é un achegamento entre o alumnado para que vexamos a diversidade nas vivendas típicas de diferentes culturas e polo tanto cómo o ser humano adapta as buscas tecnolóxicas ao hábitat.	5	3	X		
2	Introdución á LAND ART.	Empregamos a corrente artística da Arte e Natureza para percibir dun xeito estético e contemporáneo a relación entre o ser humano e a Natureza.	10	3	X		
3	CHRISTO E JEANNE CLAUDE: A arte do esbozo.	Esta parella de artistas da Land Art sérvenos de porta de entrada á variada fase de creación de esbozos nun proceso de creación dun proxecto.	30	15	X	X	
4	O proxecto artístico: Intervencións na contorna.	O desenvolvemento dunha obra de arte pública implica unha serie de fases onde o máis significativo é a organización grupal.	30	7		X	X
5	Ecoloxía e Tecnoloxía: unha parella inseparable.	Hoxe en día é crucial a busca de solucións á degradación medioambiental e a renovación dos recursos enerxéticos. Os cambios nos paradigmas tecnolóxicos serán decisivos e a arte pode ser e será a fiestra estética que nos axude a convivir con eles.	25	7			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O RIAD: Un achegamento á nosa diversidade.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura popular e das tradicións.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Introdución á LAND ART.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	CHRISTO E JEANNE CLAUDE: A arte do esbozo.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
4	O proxecto artístico: Intervencións na contorna.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Facer unha valoración obxectiva e estudada de base para os pros e contras acaecidos no proceso e resultado da obra.	PE	10
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar suficientes actuacións para a posible consecución da obra colectiva dentro dunha temporalización posible.	TI	90
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar coñecementos á execución da obra baseados nas aprendizaxes previas creadas na materia.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Saber qué recursos empregar para a execución da obra.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Xxestionar a capacidade para resolver en equipo as incidencias da execución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
5	Ecoloxía e Tecnoloxía: unha parella inseparable.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar coñecementos relacionados e mobilizar algunha competencia con calidade suficiente para a comprensión da tarefa.	PE	35
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados do proxecto con obxectividade.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar actuacións suficientes respecto da tarefa prevista dentro da temporalización aceptada.	TI	65
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais que faciliten a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver actuacións e ser capaz de comunicar incidencias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao principio de curso facemos unha presentación tipo PPoint que serve de introdución: neste curso, e dada a presenza de alumnado de orixe magrebí, facémolo sobre a casa típica marroquí: o RIAD. No resto do curso, desenvolvemos un proxecto que relacione arte contemporánea e ecoloxía; nesta PD faremos sobre a LAND ART. Nela analizamos as distintas fases do esbozamento.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto busca a creación de grupos de traballo cooperativo que transcendan o grupo-aula. Preténdese que cada

alumna e alumno adopte un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, se a fase de consenso de temas se dilata, escóllese unha temporalización de tarefas individuais con contidos concretos, sempre aberto ás aportacións do alumnado.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, traballaremos as variadas fases de esbozos, manuais e informáticos, bidimensionais e tridimensionais, respecto da aplicación artística e/ou tecnolóxica dun espazo natural ou artificial, próximo ou non, abríndonos pouco a pouco ao traballo cooperativo.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos ou grupo-clase ou grupo-curso o seu produto final a modo de mostra do proceso do proxecto. Neste punto contéplase a posibilidade de facer unha proposta de consumir o proxecto nunha obra de arte pública ante o organismo pertinente: equipo directivo de centro escolar, concello, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Computadoras portátiles (Proxecto E-Dixgal)
Material funxible para debuxo e color
Material funxible para colaxe
Programas de edición de imaxes por computadora
Programa de edición de vídeo
Material funxible para maquetas
Proxector e espazo para exposición
Material para consumación de proxecto

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais pero unidos en forma de U para facilitar a comunicación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo.

Mediante unha comunicación prolongada, valoraránse as afinidades do alumnado, as limitacións tecnolóxicas fóra do centro, a disposición para o traballo individual e grupal e as diferentes capacidades.

Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora.

En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	30	30	25	100
Proba escrita	0	0	0	10	35	12
Táboa de indicadores	100	100	100	90	65	88

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de Power Points sobre Land Art e proxectos artísticos.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Elaboración de esbozos, colaxes e fotomontaxes sobre proxecto de intervención estética en espazo arquitectónico.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Maquetas e presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita na que se recabe información sobre diferentes contidos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota de suficiencia da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única acompañadas de imaxes sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais.

Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos e proposta de roles consensuados no grupo.

A atención á diversidade contemplará diferente perfís de tarefas:

- busca de información
- aceso á ferramentas dixitais
- pacidade expresiva na representación artística
- estratexias para elaboración de ideas e creatividade ante problemas técnicos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual			X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial				X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero		X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X

Observacións:

En todas as actividades, xa sexan individuais ou grupais, valóranse os seguintes temas transversais:

- A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- A prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos, a pluralidade, a prevención de calquera tipo de violencia.
- O rexeitamento de estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñen discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visita a exposicións de arte	Actividade para coñecer manifestacións artísticas e a súa presentación como exposición.
Visita a Illa das Esculturas (Pontevedra)	Actividade para coñecer manifestacións artísticas e mellora de contorna natural mediante a arte.
Visita a Fundación Manolo Paz (Cambados)	Actividade para coñecer a obra de este artista galego e a súa integración na paisaxe.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se dispón para este procedemento de seguimento e autoavaliación é a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. De tal maneira créase unha retroalimentación entre os obxectivos pretendidos e a operatividade do alumnado.

9. Outros apartados